

IN VA SO RAS



PLANTAS EXÓTICAS TRANSFORMAN
OS NÓSOS ECOSISTEMAS ACUÁTICOS



AILANTO



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Ailanthus altissima

ORIXE

China

FLORACIÓN

Maio, xuño e xullo

REPRODUCCIÓN

Rizoma e sementes

OBSERVACIÓNS

- Grande capacidade de expansión en medios alterados, como ambientes urbanos e periurbanos, solares e cunetas, con preferencia por solos cunha certa humidade edáfica.
- É frecuente na provincia de Ourense, preto dos cursos de auga, pero está espallada por toda Galicia.

CANA



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Arundo donax

ORIXE

Sur de Asia (India ata Tailandia)

FLORACIÓN

Xuño, xullo, agosto, setembro

REPRODUCCIÓN

Rizoma e fragmentos

OBSERVACIÓNS

- Presente na península Ibérica desde hai varios séculos, é unha das principais especies invasoras a nivel internacional.
- En Galicia está establecida na zona costeira, a baixa altitude, principalmente nas Rías Baixas, na franxa costeira de Pontevedra.



Ludwigia grandiflora



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Ludwigia grandiflora

ORIXE

América do Sur

FLORACIÓN


Xullo e agosto

REPRODUCCIÓN

Fragmentos

OBSERVACIÓNS

- Grande capacidade de colonización e propagación.
- Produce moita cantidade de biomasa e ocupa áreas extensas.
- Capacidade para modificar as condicións fisicoquímicas do medio acuático.
- Presente nas canles da antiga lagoa de Antela, no interior de Ourense.



BAMBÚ



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Phyllostachys spp

ORIXE

China e Xapón

FLORACIÓN

Descoñecida en Galicia

REPRODUCCIÓN


Rizoma e fragmentos

OBSERVACIÓNS

- O seu cultivo para estacas nas hortas agrava a súa proliferación. Coloniza zonas húmidas alteradas, e ocupa grandes extensións en pouco tempo, polo que está considerada como unha das invasoras máis perigosas.
- Habitual en moitas bacías fluviais, principalmente na do Ulla.



HERBA TINTUREIRA



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Phytolacca americana

ORIXE

América do Norte

FLORACIÓN

Xullo e agosto

REPRODUCCIÓN

Rizoma e sementes

OBSERVACIÓNS

- Diferentes especies de aves aliméntanse dos seus froitos contribuíndo á súa dispersión.
- Presente, principalmente na metade sur de Galicia, na franxa costeira e zonas de baixa altitude do interior. Tamén no Parque Nacional das Illas Atlánticas.



Reynoutria japonica



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Reynoutria japonica/*Fallopia japonica*

ORIXE

Xapón, Taiwán, nordeste de China

FLORACIÓN

Xuño, xullo, agosto e setembro

REPRODUCCIÓN

Rizoma e fragmentos

OBSERVACIÓNS

- É unha das especies exóticas máis persistentes e agresivas.
- Atópase nos concellos de Porriño, Tui, Compostela, Ferrol e Cambre, con importantes puntos de invasión nalgunhas destas zonas.



Tradescantia



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Tradescantia fluminensis

ORIXE

América do Sur

FLORACIÓN

Marzo a agosto

REPRODUCCIÓN

Rizoma e fragmentos

OBSERVACIÓNS

- Os restos de poda que se tiran nos ríos e ribeiras favorecen a súa perigosa expansión.
- De cada fragmento, pode xurdir unha nova planta. Forma densos tapices monoespecíficos nas ribeiras.
- É habitual na costa de Galicia e nalgúns vales do interior.



CALA



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Zantedeschia aethiopica

ORIXE

Sudáfrica

FLORACIÓN

Marzo a agosto

REPRODUCCIÓN

Rizoma, fragmentos e sementes

OBSERVACIÓNS

- Planta tóxica que coloniza medios alterados con certa humidade.
- Moi habitual como planta ornamental en toda Galicia, expándese por regos, regatos e matogueiras da costa, por exemplo en Soesto en Laxe (CO), Illa de Sálvora (PO), rego de Donón en Cangas (PO).



FENTO DE AUGA



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Azolla filiculoides

ORIXE

América

FLORACIÓN

Non ten flores

REPRODUCCIÓN

Fragments e esporas

OBSERVACIÓNS

- Forma un tapiz na superficie da auga que provoca cambios na dinámica do ecosistema, evitando o paso da luz.
- Presente en charcas, lagoas, pantanos e augas paradas.
- É habitual, no ríos Limia, Miño, Umia e Lagares, arredor de Lugo, nos Ollos de Begonte, e na lagoa da Bodeira.

Egeria densa



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Egeria densa

ORIXE

América do sur

FLORACIÓN

Maio a agosto

REPRODUCCIÓN

Fragmentos

OBSERVACIÓNS

- Habitual en acuariofilia.
- Desenvólvese en augas doces de zonas alteradas, ríos, pantanos e augas estancadas.
- En Galicia atópase no tramo final do río Umia, nos concellos de Caldas de Reis, Ribadumia e Vilanova de Arousa. Tamén no río Sar, en Santiago de Compostela e Ames.



NOME CIENTÍFICO	<i>Elodea canadensis</i>
ORIXE	Norteamérica
FLORACIÓN	Maio a xuño
REPRODUCCIÓN	Fragmentos
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Planta acuática habitual en acuariofilia. Pode confundirse con <i>Egeria densa</i>. • En Galicia localizouse no Baixo Miño, Tui e Tomiño (PO).




XACINTO DE AUGA



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO	<i>Eichhornia crassipes</i>
ORIXE	América do sur
FLORACIÓN	Marzo a xullo
REPRODUCCIÓN	Fragmentos
OBSERVACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Moi agresiva, produce gran cantidade de biomasa reducindo a cantidade de luz que chega ao interior da masa de auga. • Ao se descompoñer diminúe drasticamente os niveis de osíxeno disolto. • Presente no río Avia (OU), e potencialmente invasora noutras zonas de Galicia.



COLA DE RAPOSA



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Myriophyllum aquaticum

ORIXE

América do Sur

FLORACIÓN

Abril, maio e xuño

REPRODUCCIÓN

Fragmentos

OBSERVACIÓNS

- Crea tapetes densos impedindo o paso da luz e alterando o ecosistema acuático.
- Atópase en lagoas, regos e charcas.
- Favorécenlle os ambientes con alta cantidade de nutrientes.
- Aparece no Baixo Miño e en puntos illados da costa galega.



LEITUGA DE AUGA



X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D



NOME CIENTÍFICO

Pistia stratioides

ORIXE

África tropical

FLORACIÓN

Xuño a setembro

REPRODUCCIÓN

Rizoma e sementes

OBSERVACIÓNS

- Presente en augas estancadas ou con corrente débil. Amplamente distribuída como planta ornamental para fontes e estanques.
- Potencialmente invasora en Galicia.

As especies invasoras son unha das principais causas de perda de biodiversidade a nivel planetario. Plantas e animais exóticos teñen sido introducidos de xeito accidental ou voluntario na natureza. Moitos deles posúen comportamentos colonizadores e transformadores do territorio, polo que son considerados como invasores podendo desprazar totalmente ás comunidades naturais e causando significativos impactos ecolóxicos. Son especies moi difíciles ou imposibles de erradicar, polo que o máis recomendable é a prevención fronte a súa entrada en hábitats naturais e ben conservados.

Amosámosche algunhas das especies comúns, ou potencialmente invasoras no futuro en ecosistemas acuáticos galegos.

Se atopas algunha destas especies ponte en contacto con nós **981 57 00 99 / adega@adega.gal**

CALENDARIO
FLORACIÓN

X·F·M·A·M·X·X·A·S·O·N·D

TIPOS DE
REPRODUCCIÓN
DAS ESPECIES



RIZOMA



FRAGMENTOS



SEMENTES



ESPORAS

Iniciativa:



Co apoio de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



Fundación Biodiversidad

Idea orixinal:



debuxos: Calros Silvar | **deseño:** 7PIES comunicación 

www.adega.gal